

PROGRAMACIÓN

NEGREIRA

2025

REDE GALEGA  
DE TEATROS E AUDITORIOS



Auditorio Afonso Eanes do Cotón



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



CONCELLO DE  
NEGREIRA



cultura  
CONCELLO DE NEGREIRA



Entradas en:  
woutick!es





# PROGRAMACIÓN Artes Escénicas 2025


Público Adulto

Público Infantil

## AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

**TEATRO - Drama**

**25 XAN**  
Sábado



**UNHA INIMIGA DO POBO**  
de HENRIK IBSEN  
con Marta Lado  
Dani Trillo, María Ordoñez, Toño Casais, Rubén Prieto,  
Marta Ríos, Diego Rey, Xurxo Barcala e Artur Trillo  
dramaturxia VANESA SOTELO e TITO ASOREY dirección TITO ASOREY

UNHA INIMIGA DO POBO  
Talia Teatro

21:00 h **5€**

**TEATRO - Comedia**

**14 FEB**  
Venres



**Luis Iglesia** **Camila Bossa**  
**TESTOSTERONA**  
de Sabina Berman dirixido por Xoque Carbajal

TESTOSTERONA  
Malasombra Producións

21:00 h **5€**

**TEATRO - Comedia**

**14 MAR**  
Venres



*Ether F. Carrodegas* *Neelva Blanco* *Stephy Laryera*  
**Feminissimas**  
UNHA PRODUCCIÓN DE:  
DE STE XEITO  
DIRECCIÓN: JAVIER CASTIÑEIRA  
DRAMATURXIA: ESTHER F. CARRODEGUAS

FEMINISSIMAS  
De Ste Xeito Producións

21:00 h **5€**

**TEATRO - Monicreques**

**22 FEB**  
Sábado




**A TETEIRA DE KABUL**  
UNHA ADAPTACIÓN DO CONTO DE CAROLINA PUJADAS TORNE  
UN ESPECTÁCULO DE XAROPE TULÚ

A TETEIRA DE KABUL  
Xarope Tulú

18:00 h **2,5€**

**TEATRO - Xestual**

**26 ABR**  
Sábado



**KYOKI**  
+3 anos

KYOKI  
Elefante Elegante

18:00 h **2,5€**

TICKET

Venda anticipada en [www.woutick.es](http://www.woutick.es)  
ou na Delegación de Cultura de luns a venres





AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN 21:00 h

# Unha inimiga do pobo

## Talia Teatro

DURACIÓN: 90 min

CLASIFICACIÓN: Drama

25  
XAN  
Sábado



Público Adulto

**Unha inimiga do pobo** é a adaptación dunha das pezas máis significativas da literatura dramática universal. Cento corenta anos despois da súa creación, o texto de Henrik Ibsen segue a servir de material inflamable para denunciar unha forma de facer política que antepón os beneficios económicos sobre a saúde da poboación, ao tempo que permite flexionar sobre o poder dos medios de comunicación á hora de moldear a opinión pública e colocala no lugar no que ao poder lle interesa. A rabiosa actualización do texto próbese ao descubrir como os problemas incipientes que o protagonista afrontaba no século XIX volvéronse máis profundos e daniños no século XXI. Así, coa vontade de aproximar aínda máis a peza, Galicia actual serve de escenario para unha proposta onde a desinformación, os riscos das maiorías absolutas, a crise ecolóxica e a depredación neoliberal deseñan un contexto hostil no que as emocións humanas son sometidas á máxima presión. Escollemos esta peza, paradigma do teatro social por excelencia, para facer do teatro un foro onde poidamos ollarnos como sociedade e vernos reflectidos coas nosas contradicións e problemáticas, para deste xeito aportar luz, na medida das nosas posibilidades, nun mundo que semella non ter unha solución sinxela. Colocámonos así a ombros do xigante Ibsen, para desde a súa perspectiva, armar un espectáculo contemporáneo que nos faga reflexionar dun xeito crítico, e á vez lúdico, sobre o mundo que nos tocou vivir.

### SINOPSE

Helena é unha doutora de prestixio internacional que regresa á vila natal para comezar unha nova etapa xunto ao seu compañeiro. Embarazada de cinco meses, afronta o seu novo estado coa ilusión por un novo proxecto profesional co balneario que ela mesma deseñou e que se presenta como un alternativa turística sostible e saudable. A inesperada contaminación das augas da zona e a súa loita por preservar a saúde da poboación fronte aos intereses económicos van colocala no punto de mira da veciñanza que ve como se pon en risco a prosperidade para toda a comunidade.



AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN 21:00 h

# Testosterona

## Malasombra producciones

DURACIÓN: 75 min

CLASIFICACIÓN: COMEDIA

14  
FEB  
Venres



Público Adulto

**Testosterona** fala de desigualdade laboral; un home e unha muller optan a un posto de máxima responsabilidade nun medio de comunicación de ámbito nacional; cal dos dous será o elixido e por que? A autora mexicana Sabina Bernan, proponnos unha reflexión profunda sobre a desigualdade laboral por cuestión de sexo, e faino de maneira que nos sorprenderemos cun sorriso debuxado nos nosos beizos vendo as peripecias destes personaxes.

### **SINOPSE**

O director dun importante medio de comunicación debe deixar o seu posto en mans dun dos seus dous sub-directores. Un é muller, home o outro. Que influirá nesa decisión?: a capacidade?, o sexo?, a experiencia?, a audacia?, o engano?, a trampa?..



AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

18:00 h

## A teteira de Kabul

### Xarope Tulú

DURACIÓN: 50 min

CLASIFICACIÓN: Monicreques

22

Feb

Sábado



Público Infantil

De 6 a 12 anos

**A Teteira de Kabul** é un espectáculo de monicreques dirixido ao público familiar baseado no conto homónimo de Carolina Pujados.

Esta nova proposta de Xarope Tulú en coprodución coa ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz fala das vivencias das persoas que se ven na obriga de abandonar o seu fogar por causas forzosas a través da súa protagonista, un personaxe inspirado na vida da escritora afgá Nadia Ghulam.

A poética dos monicreques permite viaxar a outros lugares e contar a historia desde unha perspectiva construtiva e alentadora.

#### **SINOPSE**

A protagonista desta historia é Mina, unha nena que ten que abandonar o seu fogar como consecuencia da guerra. Ela e a súa familia emprenden unha longa viaxe na que Mina, a pesar das duras condicións, irá descubrindo a beleza do tránsito grazas ás historias que lle conta súa nai e que ela garda nunha teteira.



AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

21:00 h

# FEMINÍSSIMAS

## De Ste Xeito Produción

DURACIÓN: 75 min

CLASIFICACIÓN: Comedia

14  
MAR  
Venres



Público Adulto

### Creación colectiva coa amizade como fondo e o feminismo como forma.

Unha peza teatral con altas doses de humor, ironía e complicidade para poñer a amizade a proba e mentres analizamos -dende a comedia- de que maneira as mulleres estamos a con-vivir neste novo mundo feminista no que nos atopamos mergulladas. Unha maneira –tamén– de rirnos de nós mesmas, das nosas propias incongruencias e sobre todo do espazo que separa a teoría pura da práctica diaria. Un espazo –ademáis– para reflexionar sobre a amizade e a súa complexa relación coa ideoloxía.

En resumo: unha comedia negra... moi violeta.

### SINOPSE

Un Congreso Feminista na cidade de Vigo.  
Tres amigas da adolescencia que fai anos que non se ven.

Tres amigas que teñen 3 maneiras ben distintas de entender o “feminismo”... Por exemplo: feminismo radical, feminismo liberal e teoría queer.

Este é o punto de partida desta creación de Esther F: Carrodegas, Noelia Blanco, Stephy Llaryora e Xavier Castiñeira.



AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

18:00 h

**Kyoki**

# Elefante Elegante

**DURACIÓN:** 45 min

**CLASIFICACIÓN:** Xestual

26  
ABR  
Sábado



**Público Infantil**  
**+3 anos**

**KYOKI** vai destinado ao público infantil e familiar a partir dos 3 anos. O espectáculo trata a temática da memoria, da vellez, da demencia, da soidade e da dura e esixente tarefa de coidar as persoas maiores e enfermas.

A través dunha linguaxe xestual impulsada pola interacción constante co dispositivo escénico, o espectáculo evoca múltiples situacións e personaxes que dun xeito ou doutro todas as persoas podemos recoñecer.

## **SINOPSE**

KYOKI significa "demencia" en xaponés e refírese a unha alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. É certo que adoita verificarse en persoas de idade avanzada, mais quen nunca esqueceu onde colocou a caixa das galletas? Ou por distracción vestiu o xersei do revés? Ou saiu de casa atrasado para o cole sen peitear o cabelo?

KYOKI retrata un deses días catastróficos, máis é tamén unha homenaxe a todas as persoas maiores que asisten cada día ó proceso implacable do declinio das súas capacidades vitais.





# NORMAS E INSTRUCIÓNS

## VENDA DE ENTRADAS

Venda anticipada en [www.woutick.es](http://www.woutick.es) ou na Delegación de Cultura de luns a venres.

No Centro Sociocultural o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (de haber entradas disponibles).

Coa finalidade de facilitar a asistencia aos espectáculos e potenciar a participación establécese un prezo reducido do 30% do custo ordinario da entrada de teatro adulto a persoas maiores de 60 anos, mozos e mozas co carné Xove. Custo final co desconto 3,5€ (*no control de accesos do Auditorio poderá solicitarse a documentación acreditativa para comprobar a condición do desconto*).

A venda de entradas pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes da hora prevista de comezo do espectáculo. Unha vez comezado o espectáculo ninguén poderá acceder á sala.

Non se admiten cambios ni devolucions.

## NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

Solicítase a máxima colaboración para anticipar a hora de chegada e así evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.

As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.

TODO o público deberá contar con entrada, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder a o recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme a o aforo dos recintos. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.

A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, e solicítase que na medida do posible se respecte esta recomendación de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.

Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampoco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita do organizador; en todo caso, actuarase conforme os acordos e a lexislación vixente que corresponda.

Para máis información consultar na páxina web do concello de Negreira [www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal) o na Delegación de Cultura no teléfono **676 454 879** ou no correo electrónico **marcos.perez@concellodenegreira.es**